



O BISPO DE LUGO

CAMPAÑA  
DE  
MANS UNIDAS 2021

*CONTAXIA SOLIDARIEDADE PARA ACABAR COA FAME  
LXII XORNADA NACIONAL*

Neste ano 2021, tan marcado en todo o mundo e tamén entre nós polas limitacións, os sufrimentos e as dificultades de todo xénero provocadas pola pandemia do Covid-19, ten lugar de novo a Campaña de *Mans Unidas*, co lema “contaxia solidariedade para acabar coa fame”.

Resulta evidente, se o pensamos un momento, que as angustias e os problemas que nós experimentamos están presentes igualmente nos países do noso mundo que sofren non só unha maior pobreza económica, senón tamén a falta de desenvolvemento de todas as formas de servizos sociais e sanitarios dos que aquí dispoñemos. Se nós vivimos dificultades e problemas grandes, maiores son certamente as urxencias nestes países.

A Campaña invítanos a *contaxiar solidariedade*; porque este ano séntese agudamente non só a necesidade do noso apoio material, senón tamén a de que poidan desenvolverse nestas sociedades máis empobrecidas formas eficaces de procura do ben común. Vivimos circunstancias que piden este protagonismo dunha solidariedade real e efectiva, indispensable para facer posible a vida de todos; e a nosa axuda este ano está destinada a fomentalo alí onde máis se experimentan agora pobreza, abandono e fame.

*Mans Unidas* invítanos así a facer nós mesmos os primeiros un exercicio de responsabilidade fraterna, de preocupación polo ben común, no horizonte grande do noso mundo; en palabras da última

encíclica papal, a lembrar e a poñer en práctica que somos todos irmáns, *“fratelli tutti”*.



Tamén nós crecemos entón na conciencia de que estamos necesitados deste “espírito solidario”, para vivir as actuais circunstancias xa no contexto das nosas casas, pobos e cidades. E poderemos redescubrir así a importancia do noso propio corazón, da nosa fe e a nosa solidariedade persoal, da nosa caridade, que se exerce no próximo, na realidade de cada día.

Necesitamos axudarnos todos, para que non se embote a nosa mente nin se paralice a nosa alma debido ás consecuencias da pandemia, ao illamento que xera o confinamento, aos temores ante a enfermidade ou as dificultades económicas, á distancia imposta cos nosos seres queridos e que se introduce en todas as relacións sociais, ás dificultades para participar con normalidade na vida das nosas parroquias e comunidades.

Úrxenos volver ás fontes da nosa vida persoal, á nosa fe, á relación con Deus e á pertenza ao seu Pobo, a saber do Señor, en quen todos somos irmáns e de quen esperamos sempre a luz da graza e da vida.

A campaña de *Mans Unidas* convídanos a iso, pedíndonos que espertemos o noso sentido solidario, que o vivamos e realicemos aquí e agora, co próximo, que permitamos que sexa “contaxioso”, facéndoo presente cos máis necesitados sen importar a distancia xeográfica. Será entón a expresión e o anuncio dunha vida diversa, fraterna, que non pon fronteiras á unidade e á caridade, audaz nas certezas e na esperanza, porque nace da fe no Pai e no noso Señor Xesucristo. E quizá logremos así promover tamén o protagonismo na solidariedade de quen vive en lugares e situacións onde é especialmente necesario.

Por iso, nestes tempos de pandemia, a interpelación de *Mans Unidas* é un ben para nós, para a nosa experiencia de fe e de fraternidade. Axúdanos a abrir a nosa vida cotiá aos seus horizontes máis grandes e verdadeiros, ao dun “ben común” que é o de cada un, o dos nosos países e o de toda a humanidade.

Estas son as medidas ás que aspira o noso corazón, e que se fan posibles cando se deixa iluminar pola fe no Señor, polo testemuño da caridade que vén Del, que é paciente, que non se pon límites e que non acaba nunca.

Exercer hoxe esta solidariedade, agradecer a invitación para contaxiala á nosa contorna e ata os confíns do mundo, é un ben grande, é unha gran riqueza que recibimos de novo participando na vida

da Igrexa, na que resoa un ano máis a proposta de *Mans Unidas*.

Demos grazas a todas as persoas que colaboran na delegación de Lugo por esta Campaña e pola súa entrega incansable. E pidamos para todos os membros desta asociación, orixinalmente “mulleres de Acción católica”, e para todos os seus proxectos e tarefas, a bendición abundante do Señor, fonte para nós de toda caridade.

Lugo, 8 de febreiro de 2021

+Alfonso, Bispo de Lugo



DIOCESE  
DE LUGO